

# Editorial

**A** pandemia converteuse nun factor disruptivo na globalización económica, polo que o mundo tivo que adaptarse ante grandes retos. Un destes retos correspóndese co impacto nas redes mundiais de produción e nas cadeas de valor globais, isto como consecuencia do epicentro desta emerxencia sanitaria en China. Pondo de manifesto a alta interdependencia económica que existía antes da pandemia. Na proxección de outubro de 2022, o Fondo Monetario Internacional estimou un crecemento do 3,2%, case a metade do que se conseguiu en 2021 coa recuperación económica. Neste sentido, é importante sinalar que parte dos efectos da pandemia foi a crise do abastecemento, unha situación que fai vulnerables as economías polas diferentes fendas como o dixital, as infraestruturas ou a sanidade, entre outras.

Baixo este escenario, o número 45 de *Tempo Exterior* céntrase en analizar o impacto socioeconómico da pandemia no mundo, con especial incidencia en América Latina. Este dossier comeza cunha proposta sobre como entender a dinámica do comercio internacional baseada nos INCOTERMS<sup>®</sup>, elementos clave para recoñecer o impacto da mencionada crise de subministración e as tendencias en canto ás cadeas de valor globais. Logo o número rescata o caso dos Estados Unidos e do sector da automoción no contexto do T-MEC. Nesta contribución faise un repaso sobre os cambios bruscos antes e durante a pandemia que experimentou a economía número un do mundo. Así mesmo, volve retomarse o sector da automoción, que é un dos máis importantes a nivel mundial e un dos que máis impacto sufriu en canto a oferta. Este estudo complementábase cunha análise sobre as capacidades tecnolóxicas deste sector.

Xa máis centrado no caso latinoamericano, outro dos factores clave dentro desta rexión, que son os cambios políticos, xa que cómpre sinalar que esta rexión experimentou fortes cambios políticos desde a resistencia social e as críticas ao neoliberalismo durante a pandemia. Polo tanto, este é un punto clave para dar forma á xoeconomía pospandémica. Nesta reconfiguración rexional é importante falar do caso de China e de como, a través dos seus logros tecnolóxicos e de diversos actores públicos e privados, se posicionou durante este par de anos. Así se presenta unha análise sobre a diplomacia da máscara, e outra centrada na asistencia comercial-tecnolóxica ás pemes. Finalmente, insírese o caso do mercado laboral mexicano e os cambios que sufriu ante a pandemia.

*Raquel Isamara León de la Rosa e Adolfo Federico Herrera García*